



## **I.R.P.F. BOLSEIROS**

De acordo ao establecido no artigo 17 da Lei do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas as bolsas cualifícanse como rendementos de traballo, salvo aquelas que se encadren dentro das exencións do artigo 7 da Lei de I.R.P.F..

A partir do ano 2015 aquelas bolsas que se aboan a través do Servizo de Retribucións e Seguros Sociais, salvo as exentas, aplicaráselles o sistema de retencións a conta dos rendementos de traballo.

Para o cálculo da porcentaxe de retención terase en conta o importe bruto da bolsa. Segundo o importe e o período de duración da bolsa procederase a aplicar a retención de I.R.P.F. de forma similar ao que se fai para os contratos de traballo:

- Se a duración prevista da bolsa é inferior ao ano e o importe bruto desta é baixo o tipo de retención non poderá ser inferior ao 2% (art.º 86.2 R.D. 439/2007 Regulamento I.R.P.F.).
- Se a duración prevista da bolsa é igual ou superior ao ano a porcentaxe de retención será a que corresponda aplicándose o establecido con carácter xeral no artigo 101 da Lei 35/2006 de I.R.P.F.

A entidade pagadora, neste caso a Universidade de Vigo, encóntrase obrigada a reter, non obstante, aqueles bolseiros que polo importe da contía da bolsa, non estiveran obrigados a presentar declaración da renda, deberían presentala coa finalidade de que se lle devolvan as cantidades retidas.

Se o interesado desexa que se lle aplique un tipo de retención superior, deberá comunicalo ao servizo de retribucións e seguros sociais.